

DIRECTOR U.A.D.	1
AUXILIAR DE ENFERMERÍA U.A.D.	1
MÉDICO U.A.D.	1
PROFESOR/A DE MÚSICA	11
PEDAGOGA U.A.T.	1
PSICÓLOGA U.A.T.	1
LOGOPEDA U.A.T.	1
OFICIAL 1ª	2

Burela, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2293

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 22 de xullo de 2021, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2021 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 3º bimestre de 2021 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de agosto ao 15 de novembro de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello. Documento asinado dixitadamente á marxe

Cervo, 23 de xullo de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2262

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Visto o Decreto de Alcaldía de data 28 de xullo de 2021 polo que se acorda a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para a cobertura de dous postos de peóns de prevención e defensa contra incendios forestais.

- Postos ofertados:** Dous peóns
Tipo de contrato: Contrato laboral temporal
Duración: 3 meses
Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).